



CIRCULAR 35-2025.

II CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE TRAIL RUNNING PRECLASSIC: SUB 16, SUB 18 E SUB 20

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, coa colaboración do Concello de Ames, o Campionato Xunta de Galicia de Trail Running Preclassic o 23 de febreiro de 2025 en Ames.

Art.2).- Poderán participar atletas con licenza en vigor pola FGA e habilitante para Trail Running:

- Licenza Corredor
- Licenza Plus

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> con límite ata o luns 17 de febreiro ás 20:00 horas.

Art.4).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- A entrega realizarase nas instalacións do Real Aero Club de Santiago (meta), dende as 8:15 horas ata 30' antes do inicio da proba: <https://maps.app.goo.gl/AjzEjDM3eNCEiHGy8>
- Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.5).- Transporte ata o punto de saída.

- A organización disporá dun servizo de autobuses dende o punto de recollida de dorsais ata o lugar da saída.

Art.6).- Cámara de chamadas.

- Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto antes do peche da mesma. De non ser así, non poderá participar salvo causa xustificada e aceptada polo xuíz árbitro da competición.
- Os atletas deberán saír á zona de competición coa camiseta e o dorsal posto.
- Peche da cámara de chamadas → 10' antes da proba.

Art.7).- Horario, distancia e lugar de saída [\(perfil ao final do documento\)](#)

Ubicación do lugar de SAÍDA da proba:

- Praia Fluvial de Tapia, Ames: <https://maps.app.goo.gl/SV483dz2zCrankKP9>

APERTURA C. CHAMADAS	PECHE C.CHAMADAS	HORA SAÍDA	DISTANCIA	DESNIVEL	CATEGORÍAS	PECHE CONTROL
10:00	10:20	10:30	8 km aprox	400 m + aprox	Sub 16, Sub 18 e Sub 20	4 horas

*Pecharase o control de chegada unha vez cumprido o tempo determinado para cada carreira.



Art.8).- Abastecementos.

- A proba será en autosuficiencia, podendo levar consigo un sistema de hidratación, e non sendo permitida, polo tanto, a asistencia externa en ningún punto do percorrido.

Art.9).- Entrega de premios.

- Os tres primeiros atletas clasificados, de cada categoría e sexo, recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao podio. No caso contrario, non se fará entrega da medalla.
- As entregas realizaranse ás 13:00 horas nas instalacións do Real Aero Club de Santiago: <https://maps.app.goo.gl/AjzEjDM3eNCEiHGy8>

Art.10).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a direcciontecnica@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba, salvo causa xustificada e acreditada por escrito á FGA a través do correo competicion@atletismo.gal antes de superadas as 48 horas dende o inicio da competición.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.11).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 28 de xaneiro de 2025

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

Percorrido e perfil: 8k +400m

Ligazón percorrido: <https://tracedetrail.fr/en/trace/281419>

